

# Documentos para recuperar a historia e o esplendor de Montederramo

O Consello da Cultura Galega presentou o libro sobre a súa colección no mosteiro ourensán

**XOSÉ MANOEL RODRÍGUEZ**  
OURENSE / LA VOZ

O mosteiro de Montederramo podería ser a imaxe fixa do desmantelamento e a desaparición do poder relixioso no medio rural galego logo da desamortización. Do esplendor e puxanza secular pasou a ser o exemplo da vergoña: unha panadaria nun dos claustros, a leña para o forno arrombada contra as históricas columnas, unha taberna na fachada principal e as pitas campando polo que en tempos foi un dos centros de poder de Galicia. Algunhas desas circunstancias mudaron, e outras seguen facendo do mosteiro un lugar recorrente á hora de falar de casos singulares: quen o desexe ten a posibilidade de mercar a vivenda que ocupa parte da fachada principal e dá a un dos claustros. Hai anos que está á venda.

Dende a Consellería de Cultura fíxose unha aposta decidida por recuperar un dos espazos senlleiros do patrimonio galego, e hai anos que se rehabilitou a igrexa do mosteiro. A mesma converteuse en referencia para unha cita histórica, ao acoller en xaneiro deste ano a primeira entrega dos Premios da Cultura Galega que se celebrou fóra de Compostela.

## Aposta de Ramón Lorenzo

É o conxunto patrimonial ourensán volve reivindicar o seu esplendor, o seu legado e a súa historia na presentación do libro *Mosteiro de Montederramo. Colección documental e índices*, de



Ramón Lorenzo, na presentación do libro que recolle a colección documental do mosteiro. SANTI M. AMIL

Ramón Lorenzo. No acto do Consello da Cultura Galega participaron onte a súa presidenta, Rosario Álvarez, o da Deputación de Ourense, José Manuel Baltar, o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García, o alcalde de Montederramo, Antonio Rodríguez, e o director do Instituto da Lingua Galega, Xosé Luís Regueira.

Tres décadas de traballo que o autor recoñecía froito dunha aposta persoal. «O meu interese son os textos medievais e había traballos xa feitos —con textos ben lidos, mal lidos ou ata mal transcritos— de varios mosteiros, entre outros San Pedro de Rocas, Santo Estevo, Melón e outros. Daquela apostei por facer o traballo cos documentos de Montederramo, e foi un grande acerto», sinala Ramón Lorenzo. En conxunto son máis de 1.800 os documentos que forman o proxecto —recollido en tres volumes e ao que se pode acceder libremente na páxina

web do Consello—, e os mesmos abranguen dende 1124 a 1506. O percorrido dá conta «do grande poder deste mosteiro, con posesións que chegaban ata Quiroga, Monforte, Verín, Portugal, Ourense ou Zamora, entre outros moitos lugares. E das liortas e preitos, como os que se mantiveron co conde de Lemos, ou algúns casos singulares».

## Desenterrar a unha morta

Entre estes últimos cita o dun condenado a morte que, axeollado e cos ferros, acorda facer testamento a favor do mosteiro, ou o preito de Montederramo con Torbeo por unha herdanza. «Unha muller acordara deixar todas as súas propiedades a Montederramo, onde pediu ser soterrada. Un pouco enganada polo abade de Torbeo, alí foi enterrada, e o mosteiro quedou coas propiedades. Montederramo denunciou, e, logo dun xuízo grande, a muller foi desenterrada e enterrada en Montederramo», lem-

bra Ramón Lorenzo. Tamén se constata a presenza de xudeus, xa que hai un veciño que ve como todas as súas propiedades son embargadas e sacadas á posta ao non poder satisfacer a débeda contraída co prestamista.

A documentación do mosteiro sobre a que traballou o investigador está depositada no Arquivo Histórico Nacional de Madrid —a maior parte—, no Arquivo da catedral de Ourense —«que en principio non tiña que estar aí, porque debía ser remitida ao Arquivo Nacional, pero alí apareceu, xunto coa doutros mosteiros, nunha arca grande toda chea de cadeados»— e no Arquivo Histórico Provincial de Ourense.

Entre documentos reais, cartas papais, contratos, disputas, cesións de terras, arrendamentos e demais está o que data de 1124 e contén a cita histórica da *Rivoyra Sacrata* (Ribeira Sacra).

Unha das valiosas achegas é a referida á lingua galega, á onomástica e á toponimia.

## PARA LEER



## «Sus hijos después de ellos»

**Nicolas Mathieu**

Traducción de Amaya García Gallego  
AdN / Alianza Editorial  
460 páginas. 19,50 euros

**H. J. P. REDACCIÓN / LA VOZ**

Nicolas Mathieu (Épinal, Vosgos, 1978) realiza en su segunda novela un difícil retrato de Francia, «un país en la retaguardia de la globalización, atrapado entre la nostalgia y el declive, la derecha y la rabia», según subraya la editora AdN, que trae al castellano *Sus hijos después de ellos*, título con el que el escritor se alzó con el premio Goncourt 2018, en donde relevó a Éric Vuillard y su notable *El orden del día*. Mathieu había debutado con éxito con la novela negra *Aux animaux la guerre* (2014), que fue además adaptada como serie —con su participación en el guion— para la televisión, y tenía ante sí un difícil reto que ha superado con una obra de marcado carácter social, aunque fraguó con la aspiración inicial de ahondar en el *noir*. Para narrar esta Francia en una compleja encrucijada —la de buena parte de Europa— escoge a un grupo de jóvenes aún adolescentes a los que sigue durante cuatro veranos, en los años 90. La localización ficticia se corresponde con la región en la que Mathieu nació, una zona con un pasado industrial en el sector de la siderurgia, un valle que no acaba de digerir su reconversión. Esta decadencia lo impregna todo, también la vida familiar, y los jóvenes protagonistas, encabezados por Anthony, no pueden sustraerse a este marasmio de frustración. La novela llega mañana a las librerías.

## CONCURSO

### O 27 de setembro péchase o prazo de inscrición aos premios Youtubeiras

O Proxecto Youtubeir@s encara o treito final da terceira edición dos seus premios, cuxo prazo de inscrición remata o 27 de setembro. O colectivo convoca para o 3 de outubro en Santiago o acto Lista de reprodución ao vivo, un encontro entre a comunidade creadora de contidos que medrou ao abeiro do proxecto Youtubeir@s nestes anos e o público, e que ten como obxectivo establecer relacións de intercambio e debate. LVG

## LANZAMIENTO

### 23 editoriales de todo el mundo publican las memorias de Edward Snowden

23 editoriales de todo el mundo publican de forma simultánea las memorias de Edward Snowden, *En vigilancia permanente*. Es, dice Planeta, su sello en España, el analista que provocó el mayor escándalo diplomático de la historia y que, desde el exilio, ejerce hoy de voz de la conciencia en la era digital. En su libro desgrana cómo ayudó a construir un mecanismo de vigilancia masivo y qué le llevó a destaparlo todo y poner en jaque al sistema. LVG



Borja Quiza. MARCOS MÍGUEZ

## EMPRENDEDORES

### El barítono gallego Borja Quiza pone en marcha una escuela de artes

El barítono gallego Borja Quiza y su mujer, la bailarina Verónica Torres, inauguran mañana una escuela de artes. El Laboratorio, instalada en el centro comercial Espacio Coruña, que ampliará la oferta que tenían en Galemúsica, su anterior academia. Se trata de una escuela multidisciplinar que ofrecerá formación en danza, música, teatro, literatura, fotografía, artes plásticas... Además, será la nueva sede de la familia Gaos, orquesta y coros. LVG

## MÚSICA

### Luca Pisaroni abre hoxe o ciclo de lied de Amigos da Ópera de Compostela

A 20.ª edición do ciclo de lied inaugúrase hoxe en Santiago (ás 20.30 horas) no Teatro Principal, cun recital do baixo-barítono italiano Luca Pisaroni e o pianista polaco Maciej Pikulski. A velada céntrase nas raíces centroeuropeas primixenias do xénero, con obras de Schubert, Johann Friedrich Reichardt e Beethoven. Organizado polo Concello coa colaboración de Amigos da Ópera de Santiago, inclúe recitais os días 23 e 25 de setembro. LVG